

Asóciate

Para AMARANTE é fundamental o factor humano. Non se trata só de defender ideais de xustiza social senón incorporalas na nosa estrutura organizativa e tamén, porque non, na nosa vida.

Porqué ACTIVISTA ? Cremos na sociedade civil autoorganizada como unica ferramenta para o cambio. Apostamos polo compromiso consciente. Queremos construír unha organización de persoas igualmente comprometidos na toma de decisións como na posta en marcha dos diversos proxectos.

Democracia na toma de decisións e calidade dos proxectos e programas non son elementos necesariamente antitéticos.

Porqué DOANTE ? Sabemos que hai moitos e moitas que coinciden con nós na necesidade de mudanzas sociais profundas. Son persoas que saben que os desequilibrios territorias e as desigualdades humanas non son froito do azar e non se solucionan transferindo capitais ou tecnoloxías ao Sur, senon construíndo solidariedade centrada na denuncia social e na creación de alternativas á globalización neoliberal.

Para elo é clave a independencia dos movementos sociais.

Non teño o tempo para comprometerme no día a día pero coa miña aportación podo axudar a construír unha organización con perspectiva transformadora, independente e con incidencia social e influencia institucional.

A decisión é túa.

FORMULARIO DE ALTA

Formulario de alta

- Nome e apelidos:
- Enderezo:
- Data de nacemento
- Teléfono
- Correo-e
- Quero participar como (marca o casilleiro correspondente)

Socio activista

Doador/a

Colaborador/a

- Cota (socios/as ou doantes)

25 €/semestre

50€/semestre

75€/semestre

Enviar a: Amarante. Praza da Verdura, 4. 36002 Pontevedra.